



iniciativas no rural galego

Iniciativa	CDR Os Ancares
Enderezo	Casa Rectora, San Román de Cervantes, 27664 Lugo.
Web	
E-mail	cdr.ancares@cdrtcamos.es
Persoas de contacto	Maruxa Bardasco, Ramiro Martínez, Amelia Amigo e Lola López
Fórmula xurídica	Asociación
Vídeo	https://vimeo.com/84599004

A experiencia

A zona dos Ancares está a sufrir un despoboamento acelerado e sitúase con moita claridade na espiral de que a menos poboación hai menos recursos, e isto expulsa á poboación. Actualmente hai menos de 1.600 habitantes dos cales só 76 teñen menos de 16 anos.

O obxectivo do CDR é poñerse do lado da xente e tratar de acadar a mellor calidade de vida, e por outra parte facer que isto non morra, buscando fontes de actividade económica. É un proxecto integral, que abrangue aspectos sociais, económicos, educativos, etc. e ao mesmo tempo integrado, é dicir, que xorde da comunidade. Quen van sacar isto adiante van ser os veciños.



As orixes

Nace ligado a Cáritas e ao programa Preescolar na casa, ao chegar a Cervantes un matrimonio de profesores e un cura. Os inicios foron a mediados dos anos 80. A partir de moitas reunións coa xente e o impulso dunha cooperativa de mel. De forma pioneira, porque nese tempo apenas se coñecían, conseguiron unha subvención europea.

Nese tempo a ilusión e a ignorancia foi o que nos permitiu botar para adiante. Tamén impulsamos pastizais e turismo rural no Piornedo, que deu pe a un bar que aínda segue. Inicialmente tiñamos tamén un papel asistencial, xa que cando viñemos había necesidades que hoxe xa non hai, como que os nenos, por exemplo, levaran botas, ou que tiveran un espazo de estudo.



Viron que na base de moitas das necesidades estaban tamén as posibilidades económicas, de aí que unha das iniciativas impulsadas nos inicios foi a cooperativa A Carqueixa.

Pouco a pouco foron incorporando traballo con novos colectivos. Agora contan cunha persoa coordinadora en cada unha das seguintes áreas: persoas maiores, nenos e nenas, mulleres... atendendo tamén situacións de risco.

Vulnerabilidade

Cervantes é un concello de montaña con 1563 habitantes, dos cales 621 teñen 65 ou máis anos, mentres que só 76 persoas son menores de 16 anos. O índice de envellecemento é de 575,2.

A principal fonte de ingresos son as pensións. No sector servizos é onde se inscriben o maior número de persoas ocupadas, seguido do sector primario, onde ten un peso específico a gandería.

Hai un gran número de persoas maiores que viven soas ou con outras persoas tamén maiores. Estímase que en torno a 300 unidades domésticas teñen este perfil. Nunha enquisa realizada polo CDR a 180 persoas maiores, o 100% delas queren pasar os últimos días da súa vida na súa propia casa.

As mulleres foron as primeiras en emigrar e iso deriva en que neste momento hai moitos homes maiores que viven sós e que non teñen descendencia nin quen se ocupe deles. No seu momento quedaron a ter conta dos pais, polo que poden non contar con pensión, e non casaron nin tiveron fillos. Quedan completamente sós.

Trátase dun concello moi extenso, con 276 Km² e 139 núcleos habitados, con longas distancias entre moitos deses núcleos e os servizos básicos máis próximos. Non existen liñas de transporte público e a utilización do servizo de taxi ten un custo moi alto en relación ás pensións que se perciben.



Actividades para mulleres

Existen varias liñas de traballo con mulleres en idade activa, partindo das súas necesidades e tamén do seu protagonismo para darlles solución.

Fixéronse algúns cursos, pero sempre porque elas o querían: monitora de tempo libre, alternativas de emprendemento (de onde xurdiu a cooperativa de traballo asociado Ancares de meu) e carné de conducir, cousa que lles cambiou a vida e lles abriu oportunidades de traballo e lles facilitou asistir a novas actividades.

Neste momento aténdese a necesidade de formación para sacar o certificado de profesionalidade para axuda no fogar. As probas son difíciles e déuselles formación para superalas.

Actividades para infancia



Hai 84 nenos escolarizados en todo o concello. E existe un problema de illamento: non teñen con quen xogar. O programa que desenvolvemos ten tres partes: animación do tempo libre, apoio escolar e apoio ás familias que teñen algunha problemática.

De xaneiro a xuño, en horario extra-escolar, facemos reunións por grupos en diferentes aldeas. Búscase un punto que quede próximo a varias casas, onde xa os deixa o transporte escolar, e despois a monitora ou os propios pais e nais os levan a casa. Búscanse lugares diferentes dos centros sempre que se pode, para que non se cansen. Nalgún caso é unha veciña quen nos deixa a casa. Faise unha actividade destas á semana. Cada monitora, que é voluntaria, xunta aos seus nenos. Temos reunións de coordinación onde decidimos as actividades que facemos.

Tamén desenvolvemos un programa de apoio escolar que ten persoal pagado pola Xunta. Estas axudas veñen ás veces pola familia e ás veces pola escola. Son para crear hábitos de estudo, e ofrecer un apoio educativo.



Axudas ao asentamento, para maiores

En colaboración co CDR, Cáritas impulsa a prestación de axudas ao asentamento, para as persoas maiores que queiran permanecer no seu fogar e baixo a definición de necesidades que as propias persoas maiores realizan.

Para a prestación das mesmas, cóntase sempre que se poda con veciñas. Deste xeito dáse protagonismo á comunidade, xéranse medios de vida locais, diminúen os desprazamentos e facilítase que o vínculo e a relación de coidados sexan máis próximos e constantes.

Os elementos diferenciadores do servizo, veñen do respecto polo que as propias persoas maiores desexan:

- Aténdense as necesidades que as persoas maiores definen: ao mellor é cortar leña en vez de limpar os cristais, ou facer traballos máis duros da horta para que os maiores podan ir facendo os máis levadeiros e mantendo esta actividade, por poñer dous exemplos. En moitos casos hai acompañamento ao centro médico ou para xestións, o que implica tamén o transporte.
- A persoa que presta este apoio é elixida pola persoa maior, e non imposta. Trátase de alguén que lle ofrezca confianza, normalmente veciñas que xa coñece e con quen se leva ben.

As persoas que prestan este apoio reciben formación de forma constante, a través do programa.

Estes servizos contan con varias fontes de financiamento: axudas da Xunta de Galicia, do IRPF e pequenas achegas das persoas usuarias, en función das posibilidades en cada caso.



O papel da muller

Economicamente, as mulleres participan do traballo das explotacións e mesmo nalgúns casos son titulares das mesmas, cando os homes cotizan en traballos por fóra. Se só pode cotizar un, que o fai é o marido. En todo caso, quen máis traballa nas explotacións son as mulleres.

Axentes

O proxecto está coordinado por un equipo de catro persoas que cumpren unha función técnica, pero cunha metodoloxía comunitaria. Pola mañá este grupo se reúne na oficina e fai os traballos de oficina e coordinación, e pola tarde traballan en contacto directo coa poboación, achegándose aos múltiples núcleos.



Para o CDR o protagonismo o ten a comunidade, tanto na identificación das necesidades como na formulación e o desenvolvemento das iniciativas de solución. As persoas de fóra poden xogar un papel formativo, orientador, pero sen suplantar á poboación local.

O persoal cumpre unha función técnica, sen ter unha formación universitaria previa, aínda que na actualidade ten homologados os estudos e polo tanto unha titulación de Educación Social. Tamén neste eido perciben que o persoal técnico moitas veces non se sitúa ben, na perspectiva de escoitar ás persoas.

Existe contacto con outras organizacións: asociacións que teñen certa actividade na comunidade, algunhas das cales foron impulsadas polo CDR; Cáritas e unha rede a nivel estatal de entidades con obxectivos semellantes: Colectivos de Acción Solidaria (CAS). Tamén temos relacións con outras entidades galegas, organizacións que traballan na montaña, etc.



Custodia do territorio

A valoración do CDR respecto das políticas de conservación dos Ancares é que coa protección quere suplantarse á poboación dos Ancares. Hai moitos recursos económicos e moitas persoas que viven disto, impedindo que se xere emprego local.

Cando che din que che están axudando, en realidade están a afogarche. Non hai cartos para necesidades importante, pero si para "salvar os Ancares", para seminarios, estudos, etc. E moitos dos fracasos dos listos vólvense contra nós: se ti deseñas un plan para esta zona e levas a práctica ese plan, en caso de fracaso a culpa é da poboación ("ofrecémoslles isto e non o quixeron", "non son capaces de velo..."). Quen o programou, que pisou isto por primeira vez o outro día, nunca vai cuestionarse a propia programación, porque é universitario, senón á propia poboación.



Papel da Administración

Non existe unha colaboración moi estreita coa Administración. Captamos fondos da Xunta, a través de subvencións. As formas de facer son moi distintas ás nosas, como pode ser cando se levan a unha persoa a unha residencia contra a súa vontade. Damos respostas diferentes.

Moitas veces somos á segunda porta á que chama a xente, cando o concello non lles dá resposta ás súas necesidades.

Papel técnico

É moi importante o papel técnico e a formación a base de coñecer experiencias, compartir, coñecer o que se fai fóra, etc. Todos asistimos a moitos cursos e encontros, porque hai que formarse sempre.

Aprendemos moitas metodoloxías dun equipo de Cáritas que nos achegaron moito. Trátase de asesorar construíndo, pero respectando e axudando, sen ter na manga unha solución preestablecida. Partir da realidade do paisano, desde unha perspectiva educativa, onde ás veces é importante cambiar a cabeza e non a maquinaria.

O papel de moitos outros técnicos non responde a esta perspectiva. Veñen a vender o seu produto, sen escoitar en absoluto. Isto pasa, por exemplo, na xestión do parque natural. Están convencidos de que a comunidade non é capaz de xestionar e veñen a suplantala.

O papel técnico, polo tanto, é importante, pero se se sitúa ao servizo da comunidade. Tamén pode ter un papel abrindo vías de saída. Tamén ter métodos para que o que a xente fala recollelo en limpo, sen traicionalo e que quede claro.

Papel da cidadanía

Un dos obxectivos do CDR é “menos oficina e máis coche”, estar o maior tempo posible coa xente. O protagonismo é da comunidade: nós estamos coa xente e escoitamos as necesidades, pero quen busca a solución e a leva adiante é a xente: son persoas da comunidade quen prestan o servizo de apoio no fogar, e o fan como queren as persoas; son os nenos quen escriben as obras de teatro que interpretan. Igual o da cooperativa. Se non hai protagonismo comunitario, non hai solución. Nós somos facilitadores, creamos posibilidades.

Hai varias asociacións e moitas naceron co impulso do CDR e mesmo teñen o noso como local social.

Ademais tamén hai unha realidade importante nas Comunidades de Montes, asociacións de veciños, tecores de caza, etc.

Tamén existen aínda relacións caciquís, aínda que variaran nas últimas décadas.

Recursos

Hai subvencións públicas, apoio privado da igrexa e apoios de persoas. Os empregos fináncianse do público. O edificio é da Igrexa. E hai persoas que dan donativos para actividades. Tamén hai traballo voluntario. Por exemplo as actividades que se fan cos nenos son a través de voluntariado.



Entidades colaboradoras

Mantemos moita relación con CAS, Colectivos de Acción Solidaria, que é unha asociación da que o CDR é fundadora, creada no inicio dos anos 90', con outras iniciativas locais e comunitarias do resto de España.

Tamén con Cáritas e coas asociacións de aquí. Con outras entidades de montaña ou iniciativas parecidas temos contacto.

Liderato

O liderato pode ter unha función moi positiva, sempre que sexa un bo liderato. Sen o apoio, as achegas e o impulso de Ramiro é posible que o CDR non funcionase igual. É un aspecto moi importante.

Tamén existen líderes na comunidade: persoas que moven cousas, que impulsan iniciativas. Se coincide que o liderato é participativo, democrático e de boas persoas cumpre un papel moi positivo. Tamén se dá o liderato máis interesado, máis caciquil. E na montaña, ao ser tan dependente, os líderes 'conseguidores' funcionan bastante. Aínda que isto está cambiando.

Impactos



Territorio intelixente

Os principais factores de innovación do proxecto teñen que ver coa metodoloxía de traballo comunitario. O persoal técnico do CDR apoia os procesos, pero deixa o protagonismo da solución dos problemas á propia xente dos Ancares.

Este xeito de facer democrático e participativo ten xa unha presenza e vai asociado a unha maior autoestima, anque conviva con fórmulas máis clientelares.

Territorio inclusivo

O CDR impulsou a xeración de fontes de riqueza e actividade económica: apoiou a constitución da cooperativa gandeira A Carqueixa, o que mellorou a viabilidade das explotacións, entre outras iniciativas económicas.

Favorece o arraigo neste momento de 28 persoas maiores que precisan axuda para a súa vida diaria e mellora as condicións de vida e as oportunidades de 27 mulleres coidadoras.

Ofrece apoio, oportunidade de relacionarse e opcións de tempo libre aos rapaces e rapazas do concello (máis de 80), entre outras actividades.

Territorio sustentable

Desde o CDR búscase o sostemento da poboación e a mellora da súa calidade de vida, como fórmula para coidar o territorio, e conservar as súas calidades ambientais.